




■ CADERNO DE ORIENTACIÓN PARA O ■ ALUMNADO DE F.P. QUE QUERE ACCEDER Á UNIVERSIDADE



■ CURSO 2025- 2026 ■

■ PREINSCRIPCIÓN DO ■
DO 13 AO 26 DE XUÑO



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

+info: www.cifp.eis.gal

SOLICITUDE DE ADMISIÓN (PREINSCRICIÓN) EN TITULACIONES CON LÍMITE DE PRAZAS EXISTENTES NAS UNIVERSIDADES DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALIGIA PARA O CURSO 2025/26.

PREINSCRICIÓN

SOLICITUDE ORDINARIA. **Do 13 ao 26 de xuño ás 14 h.**

Onde?

<https://www.edu.xunta.es/nerta/>

* No caso do alumnado procedente de ciclos de FP é necesario que teña feito o abono das taxas para a expedición do título e que o centro de FP teña feito o transvase do expediente completo de Xade a Nerta (por elo deben notificarlle ao Secretario esta cuestión por correo electrónico a este enderezo cifp.imaxe.son@edu.xunta.gal e no asunto indicar. Á atención do Secretario).

MATRÍCULA CONVOCATORIA ORDINARIA E EXTRAORDINARIA

ORDINARIA

1º PRAZO.

PUBLICACIÓN DA LISTAXE. 8 XULLO.

PERIODO DE MATRÍCULA: DO 9 A 10 DE XULLO

2º PRAZO.

PUBLICACIÓN DA LISTAXE. 14 XULLO.

PERIODO DE MATRÍCULA: DO 15 A 16 DE XULLO

3º PRAZO.

PUBLICACIÓN DA LISTAXE. 18 XULLO.

PERIODO DE MATRÍCULA: DO 19 A 21 XULLO.

ORDINARIA E EXTRAORDINARIA

4º PRAZO.

PUBLICACIÓN DA LISTAXE. 24 XULLO.

PERIODO DE MATRÍCULA: DO 25 A 28 XULLO

5º PRAZO.

PUBLICACIÓN DA LISTAXE. 29 DE XULLO.

PERIODO DE MATRÍCULA: DO 30 A 31 DE XULLO.

6º PRAZO.

PUBLICACIÓN DA LISTAXE. 3 SETEMBRO.

PERIODO DE MATRÍCULA: DO 4 A 5 DE SETEMBRO.

NOTA IMPORTANTE: Os días festivos non hai soporte para resolver os problemas que poidan xurdir.

Suxírese que se faga a matrícula no primeiro día do prazo para poder resolver calquera incidente que poida xurdir. Durante o período de matrícula, o alumnado que non se matricule, deberá confirmar o interese en seguir nas listaxes da CiUG (de non confirmalo, entenderase que xa non ten interese nas titulacións solicitadas e decaerá nos seus dereitos).

PROCESO DE INSCRIPCIÓN E MATRÍCULA. PREGUNTAS FRECUENTES

1) Cantas titulacións podo solicitar?

Podes solicitar un máximo de cinco titulacións diferentes e un máximo de dez solicitudes se algunhas son repetidas. Non é obrigatorio solicitar o máximo de titulacións, é dicir, unha persoa pode solicitar unha única titulación do sistema universitario de Galicia.

2) É importante a orde en que solicito as titulacións?

Si. A orde ten a máxima importancia, porque a admisión faise de acordo coa orde solicitada e non se pode cambiar unha vez iniciado o proceso.

3) Que debo facer se me convocan nunha titulación e todas as que solicitei con maior preferencia aparecen como pechadas?

Neste caso tes que matricularte. As titulacións que solicitaches con menor preferencia xa aparecen liberadas e, se non te matriculas, a túa praza será ocupada pola seguinte persoa na listaxe de agarda e quedas fóra do sistema.

4) Que debo facer se me convocan nunha titulación pero eu marquei outra(s) con maior preferencia e aínda non está(n) pechada(s)?

Se o solicitante aparece convocado/a nunha titulación e ten outras titulacións con maior preferencia "En espera" ten dúas opcións: a) Se desexa continuar na lista de espera dalgunha/s desas titulacións non debe matricularse e confirmará, en cada chamamento, na propia aplicación informática NERTA, "Continuar na lista de espera" nesa/s titulacións; b) Matricularse nesa titulación na que figura convocado e entenderase que xa non ten interese en ningunha das que figura "En espera". Se non se matricula nin confirma "Continuar na lista de espera" nalgunha titulación das que figuraba "En espera", entenderase que xa non ten interese en matricularse nesa titulación na que figura convocado nin en ningunha das que figura "En espera" e decaerá nos seus dereitos. Pode marcar "Continuar na lista de espera" das titulacións xa "Pechadas" nas que siga tendo interese.

5) O estudiantado de ciclos formativos de grao superior accede á universidade coa súa cualificación de admisión en igualdade de condicións ca

o estudantado de bacharelato ou hai unha porcentaxe de prazas exclusiva para FP?

Acceden en igualdade de condicións. Non hai unha porcentaxe específica para FP.

6) Son un/unha estudante de ciclos formativos de grao superior e o meu ciclo non está relacionado cun determinado grao universitario. Podo acceder a el?

Si. A vía de acceso desde un ciclo formativo de grao superior permite acceder a calquera grao universitario, considerando como primeiro criterio de admisión a cualificación final do ciclo mais a suma das cualificacións ponderadas da fase voluntaria.

NOTA. RECONFIRMACIÓN NA LISTA DE ESPERA

Despois de cada chamamento e durante o período de matrícula, se o solicitante aparece convocado/a nunha titulación que non sexa a de primeira preferencia e desexa continuar en lista de espera en tanto non se peche a matrícula nas titulacións solicitadas con maior preferencia, deberá confirmar a través da propia aplicación informática nerta, o interese en seguir nas listaxes da CiUG (de non confirmalo, entenderase que xa non ten interese nas titulacións solicitadas e decaerá nos seus dereitos).

+info:

<https://ciug.gal/gal>

https://ciug.gal/PDF/2025/ACCESO/convocatoria_preinscripcion_2025.pdf

NOTAS DE CORTE:

https://ciug.gal/PDF/ACCESO2025/notas_corte.pdf

NOTA IMPORTANTE: Lembre que a normativa sempre prevalece sobre calquera outra información. Este documento contén información de carácter xeral extraída da normativa, polo que calquera dúbida ou contradición se resolverá atendendo á normativa vixente.

Información obtida de:

<https://ciug.gal/gal>